No seu afán por contribuír á reciclaxe da materia orgánica e pechar o ciclo de recuperación da mesma nas propias vivendas, aplicando o principio de proximidade, Sogama leva repartidos desde 2010 preto de 7.500 composteiros entre 230 entidades de distintos puntos de Galicia (14,0 concellos, 78 centros educativos e 12 colectivos sociais). O obxectivo do exitoso programa de auto compostaxe doméstica é axudar aos concellos a que se beneficien das múltiples vantaxes que reporta esta práctica tan sinxela: económicas, medioambientais e sociais. Pero a función da compañía non se limita á dotación de composteiros, senón que leva a cabo labores de formación, asesoramento ás entidades

participantes e edición do material divulgativo necesario para atender as necesidades dos usuarios.

### Axuda sempre dispoñible

Como complemento 2.º sempre accesible, puxo en marcha o sitio web [www.compostaconsogama.gal](http://www.compostaconsogama.gal), a través do cal os interesados poden acceder a toda a información que precisen e mesmo a instrumentos didácticos e lúdicos adaptados a maiores e pequenos.

O obxectivo último é obter un compost de alta calidade que cumpra cos requisitos impostos pola normativa vixente e poida ser aplicado á agricultura, incluso ecolóxica, con garantías. ●



É preciso seguir unhas pautas para producir compost de calidade.



Alumnos do CPI Cova Terreña (Baiona, Pontevedra).

## Os educadores ao servizo de Sogama, de novo, o factor mellor valorado do programa de visitas

A empresa pública tamén habilitou un percorrido virtual para as persoas que non poden desprazarse ata o Complexo Medioambiental de Cerceda

Desde o inicio da súa actividade, preto de 72.300 persoas pasaron polas instalacións de Sogama e os educadores ao servizo da empresa pública, que pertencen á firma Applus, volven ser o factor mellor valorado. A súa capacidade pedagóxica e dinamizadora, amplos coñecementos na materia e adaptación a todo tipo de público, respondendo ás demandas e intereses de cada colectivo, constitúen algúns dos ítems que reciben mellor puntuación nas enquisas de satisfacción que, voluntariamente e de forma anónima, cumprimentan

as persoas interesadas en coñecer *in situ* e a fondo o labor da entidade.

Nunha escala de 0 a 5, as persoas responsables dos distintos colectivos sociais valoran a atención, dispoñibilidade, bagaxe e profesionalidade dos educadores cun 4,9 e a visita no seu conxunto, cun 4,8.

Con todo, na meirande parte dos casos lamentan o escaso coñecemento previo da actividade de Sogama, que a entidade tenta compensar co envío previo, no caso de grupos escolares, de guías didácticas adaptadas pedagoxicamente aos distintos niveis académicos.

Recibe tamén unha alta puntuación (4,6) o labor que a compañía leva a cabo para contribuír á protección e coidado do medio ambiente.

### Visita virtual

Para solventar as dificultades que algunhas persoas poidan ter para desprazarse ao complexo industrial de Cerceda e coñecer o seu funcionamento, a compañía, nun exercicio de máxima transparencia, habilitou unha visita virtual en 360 graos a través da web corporativa que pode consultarse na seguinte ligazón.

[Visita virtual 360º a Sogama](#)

## Actualidade

### Os socios do proxecto Res2ValHum reúnen-se en Santiago

O encontro tivo lugar no Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade

O Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela converteuse a mediados de decembro en punto de encontro para os socios do proxecto Res2ValHum (Valorización de residuos orgánicos: produción de substancias húmicas).

O equipo atópase inmerso no desenvolvemento de distintas actividades dirixidas cara a un obxectivo común: lograr unha maior valorización dos residuos orgánicos e reducir a cantidade de lixo depositado en vertedoiro, con serios prexuízos para o medio ambiente e a saúde. As dúas primeiras reunións tiveron lugar na Universidade do Minho (Braga - Portugal).

Entre as actuacións a desenvolver de forma coordinada polos socios



Esta foi a terceira reunión entre os socios.

figuran a caracterización dos residuos orgánicos producidos en Galicia e no Norte de Portugal, a avaliación e optimización do compost xerado a fin de incrementar o seu contido en substancias húmicas, tendo en conta o seu perfil químico e actividade biolóxica, e a valorización do mesmo para aumentar as súas utilidades que van desde usos agrícolas, solos contaminado ou incluso cosmética e accións terapéuticas diversas.

#### Os socios

Pola parte portuguesa, os socios do proxecto son a Universidade do Minho, o

CVR (Centro de Valorización de Residuos), LIPOR (Servizo Intermunicipalizado de Xestión de Residuos de Grande Porto) e BRAVAL (Valorización e Tratamento de Residuos Sólidos, S.A). No caso de Galicia, cabería destacar a USC, representada polo Catedrático de Edafoloxía, Felipe Macías, CVAN (Centro de Valorización Ambiental do Norte, S. L) e Sogama, tendo como portavoz ao seu director xeral, Isidro García Téllez.

Dotado cun orzamento superior aos 2 millóns de euros, Res2ValHum estará en vigor ata setembro de 2019.

Máis información na web [res2valhum.org](http://res2valhum.org)



Illa de reciclaxe instalada nun colexio.

### “Recíclate con Sogama” entra na fase de desenvolvemento e execución

A partir deste mes, os 22 colexios participantes recibirán a visita do xogo xigante “Un partido polo planeta” para afianzar conceptos dunha forma lúdica

Tras o arranque da sexta edición do programa escolar “Recíclate con Sogama” 2017-2018 o pasado mes de outubro, esta iniciativa adéntrase na fase de desenvolvemento e execución, dispoñendo xa os 22 centros de primaria participantes de todos os medios materiais (illas de reciclaxe e composteiros) e didácticos necesarios para facer realidade os seus proxectos. O seguinte paso foi comezar coas visitas de seguimento coas que comprobar o bo discurrir dos traballos e corrixir posibles erros e desviacións.

As particularidades de cada colexio foron recollidas durante unha toma

de contacto inicial realizada por técnicos ao servizo de Sogama e son tamén estes quen se encargan de impartir as charlas sobre recollida selectiva de residuos a fin de orientar á comunidade educativa ou resolver dúbidas. En paralelo, e desde este mesmo mes de xaneiro, o xogo xigante “Un partido polo planeta” circula polas escolas para afianzar conceptos desde a diversión e o entretemento.

#### Protocolo

Xa a finais do primeiro trimestre deste ano, os técnicos de Sogama realizarán unha nova visita, neste

caso de seguimento, para comprobar o estado das illas de reciclaxe e a correcta utilización das mesmas, corrixindo os erros detectados e insistindo sobre os aspectos a mellorar.

En xuño, os centros adscritos deberán presentar unha memoria detallada dos seus proxectos na que se reflectan as accións executadas e grao de consecución dos obxectivos propostos, tendo sempre como referencia as maiores cotas de reciclaxe.

Este programa escolar enmárcase no Plan Proxecta da Xunta de Galicia, cuxo fin último é a educación en valores. ●

[Consulta aquí os 22 colexios participantes](#)

Actualidade

## “Cada cousa no seu sitio”, reforzo 2.0 para a correcta xestión dos residuos municipais

O concurso promovido na redes sociais de Sogama chegou a xerar debates entre os internautas que axudaron a clarificar conceptos



O pasado 22 de decembro chegou ao seu fin o concurso que, baixo o lema “Cada cousa no seu sitio”, promoveu Sogama nas súas redes sociais de [Facebook](#) e [Twitter](#) (Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama) coa pretensión de abundar, desde a dimensión pedagóxica, na correcta selección dos residuos en orixe.

A iniciativa, que arrincou dous meses antes (25 de outubro), contemplou o lanzamento dunha pregunta semanal, sen previo aviso, sobre o contedor de

destino dun determinado material. O primeiro internauta en acertala foi obsequiado con merchandising corporativo da Sociedade.

### Confusións resoltas

Se ben algunhas preguntas non xeraron moitas dificultades, como é o caso do destino dunha lata de conservas ou un brik (contedor amarelo), ou dun cueiro (contedor verde convencional), o certo é que outras provocaron confusión.

Por exemplo, o destino dun vaso de

cristal, que moitos identificaron co iglú verde, cando debe introducirse no contedor xenérico porque o cristal non é vidro; ou ben unha percha de plástico, que nunca debe ir no contedor amarelo porque, a pesar de estar fabricada cun material como o plástico, non é un envase nin un envoltorio. O tapón metálico dunha botella de vidro tamén sementou dúbidas, toda vez que debe introducirse no contedor amarelo porque está elaborado con metal e forma parte dun envase. ●



As enquisas, que de forma voluntaria e anónima, cubriron os 90 axentes da Garda Civil de toda Galicia que realizaron o curso en liña de Sogama sobre economía circular, deron como resultado un alto grao de satisfacción con esta actividade formativa.

A valoración dos distintos ítems vinculados ao curso foi moi positiva:

desde a propia estrutura e contido ata o material didáctico dispensado, o calendario, así como os labores de tutoría e atencións prestadas.

### Temario detallado

Con 50 horas lectivas, o curso denominado “A xestión dos residuos urbanos na economía

## Alto grao de satisfacción no curso sobre economía circular dirixido á Garda Civil

Un total de 90 axentes de toda Galicia participaron nesta formación en liña

circular” comezou o pasado 16 de outubro, chegando ao seu fin dous meses despois. A través de dez temas instruíuse aos alumnos nos pormenores da xestión sostible dos residuos urbanos no marco deste novo modelo de desenvolvemento.

Os axentes xa recibiron os correspondentes diplomas acreditativos. ●

## Actualidade

### Primeira visita de seguimento aos fogares de As Pontes de García Rodríguez adscritos ao dobre programa de compostaxe e vermicompostaxe

53 veciños sumáronse a esta novidosa iniciativa para reducir os residuos orgánicos en orixe



Persoal ao servizo do concello de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña) realizou a mediados de decembro a primeira visita de seguimento aos fogares que participan no programa combinado de compostaxe doméstica e vermicompostaxe, promovido co apoio de Sogama.

En total, 53 recipientes (25 vermicomposteiros e 28 composteiros domésticos) foron inspeccionados por técnicos especializados, aproveitando as visitas para recabar datos de

interese entre as familias, que foron formadas previamente. O obxectivo foi comprobar o desenvolvemento da técnica en ambos os dous casos, o nivel de implicación dos participantes e, sobre todo, corrigir posibles erros para que o proxecto evolucione de forma positiva e logre o seu fin.

Se ben no caso da compostaxe doméstica, as vivendas adscritas deben ser unifamiliares e dispoñer de terreo (xardín, horta ou terras de cultivo) no que aplicar o compost resultante,

a vermicompostaxe, protagonizada por lombrigas de terra que inxiren a materia orgánica e a excretan en forma de humus, pódese levar a cabo incluso na terraza de calquera piso.

A pretensión do Concello de As Pontes é seguir un estudado protocolo de actuación para garantir a asistencia a todos os veciños que participan nesta iniciativa. Quere que estes se sintan respaldados e apoiados nunha tarefa que contribúe en gran medida á prevención e redución de residuos. ●



### Sogama abre novos horizontes cara á economía circular

A entidade edita un novo folleto institucional que se pode consultar en papel e na súa web

"Abrindo novos horizontes cara á economía circular". Así se titula a nova publicación institucional de Sogama na que a empresa pública detalla os pormenores da súa xestión, tanto desde a dimensión industrial como educativa e social, contribuíndo a construír un futuro circular para a nosa comunidade.

Así mesmo, explica as características do seu modelo, definíndose este como global, integral e solidario; e alude aos seus proxectos inmediatos, centrados na ampliación do seu complexo medioambiental, onde poderá chegar a

tratar todos os residuos producidos en Galicia. Non esquece a posta en marcha da planta de compostaxe industrial ou a promoción do transporte por tren, que alcanzará o próximo ano o 55%.

O seu afán de transparencia é tal, que mantén vivo un programa de visitas ás súas instalacións polas que pasaron preto de 72.300 persoas, permitíndolles comprobar por si mesmas a súa actividade. Igualmente, pon en valor o seu equipo humano, comprometido co servizo público e altos estándares de calidade.


#### 2019: máxima eficiencia

Unha vez culminadas as súas accións de mellora, coas que incrementará a súa achega á reciclaxe e minimizará o vertido, Sogama converterase, no ano 2019, nunha das infraestruturas do sector máis grandes e eficientes de Europa e do mundo, cumprindo entón o seu principal obxectivo: converter todos os residuos en recursos. ●

[Ver o folleto aquí](#)

# Multimedia

## Á neve en Manzaneda!



Que frío! Xa estamos en inverno e hai neve! Por iso os nosos amigos extraterrestres e terrestres favoritos visitan a estación de esquí de Manzaneda (Ourense). Pásano moi, moi ben! En trineo, en esquís, en snowboard, en "biciesquí",... Pero nin nesta paraxe idílica se libran de atopar un vertedoiro incontrolado e póñense a limpalo! Estas si son condutas cívicas exemplares! ●

 [Mira aquí o ecoconto](#)

## A nova web de Sogama potencia a transparencia e formación cidadá

Sogama acaba de renovar a súa web corporativa nun firme compromiso coa transparencia e a formación cidadá. Con esta mellora, a compañía pública pretende ofrecer á poboación un servizo de maior calidade, posibilitando que esta poida coñecer con detalle a súa actividade desde a dimensión ambiental, industrial, económica, social e educativa.

Os contidos, desagregados a través de apartados claramente diferenciados, complementanse cun espazo lúdico no que o internauta pode acceder a diversos xogos en liña vinculados á xestión sostible dos residuos urbanos. ●



 [Accede aquí a \[www.sogama.gal\]\(http://www.sogama.gal\)](#)

## Visita virtual en 360º ao Complexo Medioambiental de Cerceda



Unha visita virtual en 360º permite ao cidadán entrar nas instalacións de Sogama e coñecer de primeira man a súa actividade. Trátase dunha opción que a Sociedade pon a disposición de todos aqueles que, por diversas circunstancias, non poden desprazarse fisicamente ás súas instalacións, pero teñen interese en coñecer.

O itinerario inclúe o conxunto das plantas que conforman o Complexo Medioambiental de Cerceda,

contemplando a de clasificación de envases, así como a de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible, e a termoeléctrica.

Se ben a través da interface o usuario pode realizar ordenadamente o percorrido habitual do residuo desde que entra ata que sae convertido en recurso, o certo é que, de forma aleatoria, tamén ten a opción de elixir a vista de paxaro a instalación que sexa do seu interese e explorar o seu interior. ●

 [Visita virtual 360º a Sogama](#)

## Multimedia

### Cewep renova o seu sitio web para facelo máis accesible a todo tipo de público

**cewep** Confederation of European Waste-to-Energy Plants

ABOUT CEWEP WHAT IS WASTE-TO-ENERGY NEWS POLICY FACTS



Outra entidade do sector que acaba de renovar a súa web, ademais de Sogama, é a Confederación Europea de Plantas de Valorización Enerxética (CEWEP) para facela máis próxima, transparente e asequible a todos os públicos. A través das distintas seccións, a organización pretende explicar ao cidadán o alto potencial enerxético que atesouran os refugallos non reciclables e a necesidade de poñelos en valor dunha

forma eficiente e respectuosa co medio ambiente e a saúde, evitando o seu depósito en vertedoiro, última opción na xestión xerarquizada de residuos que promulga a normativa vixente.

A páxina ofrece igualmente noticias de interese de plena actualidade vinculadas á xestión sostible dos residuos e á política enerxética da Unión Europea, dando conta de futuros

eventos vinculados ao sector e os diferentes congresos da Confederación.

#### Novo cargo

Pola súa parte, Rafael Guinea, presidente de Asociación de Empresas de Valorización Energética de Residuos Urbanos (AEVERSU), asumiu recentemente unha das vicepresidencias de CEWEP. ●

 [Accede aquí a www.cewep.eu](http://www.cewep.eu)

### Refresh loita contra desperdicio alimentario desde a colaboración



No marco do proxecto Refresh, financiado polo programa Horizonte 2020 da Unión Europea, púxose en marcha unha plataforma en liña integrada por 120 expertos co fin de previr e reducir a cantidade de alimentos que cada día acaban desperdiciados.

Esta pode considerarse unha iniciativa necesaria nun contexto dramático. Segundo a Comisión Europea, en 2015, "os alimentos que se desbotaron en Europa (173 quilos por persoa) chegarían para alimentar ao dobre de persoas que hai no mundo".

A nova comunidade en liña pretende influír en cada un dos niveis da cadea de subministración, ofrecendo aos usuarios un espazo no que intercambiar información sobre solucións comprobadas e enfoques innovadores para reducir os excedentes, alimentar a persoas famentas e aproveitar os restos dunha forma máis beneficiosa.

Liderado pola Universidade de Wageningen (Países Baixos), Refresh aglutina a 26 socios de 12 países europeos e de China. ●

 [Máis información sobre o proxecto Refresh](#)



## Eventos

### Compromiso mundial na loita contra a contaminación



Máis de 4.000 xefes de Estado, ministros, representantes empresariais, da sociedade civil e activistas participaron na última Asemblea da ONU para o Medio Ambiente celebrada do 4 ao 6 de decembro en Nairobi (Kenya). Neste foro mundial realizáronse as súas achegas e, sobre todo, analizaron como facer fronte á contaminación, un fenómeno que está socavando a saúde da poboación

e ferindo gravemente o Planeta. Neste marco, e sempre coa economía circular como telón de fondo, aprobáronse 13 resolucións non vinculantes e tres decisións, adoptando medidas para combater o lixo mariño e a proliferación de microplásticos, para eliminar o chumbo da pintura e das baterías, e para controlar a contaminación nas

zonas afectadas polos conflitos e o terrorismo, entre outras cuestións. Se se dá cumprimento a todos os compromisos alcanzados neste cumio, 1,49 mil millóns de persoas respirarán aire puro, aproximadamente o 30% das costas estarán limpas e disporase dunha dotación de 18,6 mil millóns de dólares para labores de investigación, desenvolvemento e innovación. ●

### O Comité das Rexións apoia a valorización enerxética

O Comité das Rexións posicionouse a favor da valorización enerxética, enalzando o papel que esta pode desempeñar na economía circular ao dar un tratamento eficiente aos residuos non reciclables e transformalos en enerxía, un recurso de alto valor. Cualificárona igualmente como unha interesante ferramenta para facer fronte á pobreza enerxética e reiteraron a necesidade de crear mercados estables para produtos e materiais baseados en materias primas secundarias.

No pleno do pasado 30 de novembro, os membros do Comité das Rexións mostráronse a favor de dar debido cumprimento á xestión xerarquizada dos residuos, que comeza coa prevención e a reutilización, continúa coa reciclaxe e a valorización, incluída a enerxética, e conclúe co vertido, a opción menos desexable. ●



## Eventos

### Nova etapa da estratexia “Máis alimento, Menos desperdicio”

No período 2017-2020, o Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (MAPAMA) dará continuidade ao traballo desenvolvido desde 2013 a este programa, abrindo novas áreas de actuación a través das cales se pretende dar unha resposta integral ao problema que representa o desperdicio alimentario.

Para a consecución dos obxectivos establecidos nesta nova etapa da estratexia “Máis alimento, Menos desperdicio”, o Goberno alude á necesaria colaboración e solidariedade dos distintos sectores sociais con independencia das medidas que se vaian levar a cabo. Seguirase cuantificando a cantidade de comida desperdiciada en todos os elos da cadea, toda vez que constitúe o cimento sobre o que deseñar accións, intensificando ao mesmo tempo os labores de formación, sensibilización, investigación e innovación na materia.

Segundo os últimos datos dispoñibles, desperdiciáase un terzo da produción mundial de alimentos (1.300 millóns de toneladas), circunstancia con serias consecuencias morais, sociais, económicas e ambientais. Neste último caso, destaca a relación entre o desperdicio alimentario e o cambio climático. ●



### FAO: non ao desperdicio de comida

Unha das grandes materias pendentes e un dos grandes propósitos que deberían ser incluídos na nosa folla de ruta para o 2018 é a loita contra o desperdicio alimentario. Neste sentido, a FAO, a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura, proporciona unha serie de consellos sinxelos e asequibles para evitar que a comida acabe arroxada ao cubo do lixo:

- 1.- Sé realista e planifica con suficiente antelación, adaptando a cantidade de alimentos ao número de comensais.
- 2.- Conxela as sobras ou compárteas cos invitados. É preciso lembrar

que, polo xeral, a comida non debe deixarse a temperatura ambiente durante máis de dúas horas.

- 3.- Converte os alimentos sobrantes no xantar ou na cea do día seguinte. A creatividade impónse. Hai múltiples receitas a disposición dos interesados. De feito, pratos como guisos, o gulash, o fattoush e a panzanella partiron do desexo de non desperdiciar froitas, verduras ou pan.
- 4.- Prepara a comida que conxelaches antes de cociñar algo novo. Sempre tendemos a cambiar, pero é mellor dar preferencia ao que temos dispoñible na casa. Debe evitarse

requer os alimentos e logo volver a poñelos no refrixerador.

- 5.- Deixa que os invitados se sirvan só para que poidan elixir a cantidade. Os anfitrións adoitan equivocarse á hora de encher os pratos e é mellor que os comensais calibren as súas necesidades e procedan en consecuencia.

- 6.- Doa a organizacións benéficas os alimentos non perecedoiros que xa non uses. É o caso de latas de conservas e froitos secos, por exemplo.

Máis información sobre como contribuir a un mundo con #HambreCero na [web da FAO](#) e na súa [canle de Youtube](#). ●

## Eventos


### Os refugallos tamén se acumulan no espazo

A Axencia Espacial Europea (ESA) estima que hai 8.000 toneladas de refugallos campando ás súas anchas polo espazo. A cifra ascende a 29.000 obxectos rastrexados cun tamaño superior aos 10 centímetros e a máis dun millón de fragmentos pequenos.

Limpar este lixo non é tarefa doada. De feito, 200 expertos europeos en residuos espaciais reúnen-se cada ano para debater como limpar este lixo. Con tal fin, púxose

en marcha a misión E-Deorbit, á que se dou un dobre enfoque: capturar chatarra espacial cun robot e un satélite, e utilizar unha especie de trampas para recompilar grandes cantidades de refugallos.

O obxectivo agora é deseñar e crear satélites máis seguros, utilizando para isto os materiais máis axeitados e posibilitar así que, unha vez finalizada a súa vida útil, xeren a menor cantidade posible de residuos. ●



### III Premios Recyclia de Medio Ambiente




Daniel Calleja, Director Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea, recibiu un especial recoñecemento no marco dos III Premios Recyclia de Medio Ambiente polo seu labor na consolidación da economía circular a nivel europeo e, máis concretamente, polo seu desempeño na "Estratexia Europa 2020", onde a xestión de residuos electrónicos ocupa un destacado lugar.

Nas diferentes categorías, os galardóns tamén enzalzaron o labor do Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil (SEPRONA), do Cabildo de

Tenerife, de EFEverde e da xornalista Eva González, de Europa Press.

O labor de **Recyclia** céntrase na recollida selectiva e a reciclaxe de equipos e dispositivos eléctricos e electrónicos (RAEE) en desuso, así como de pilas desbotables. Aglutina a varias Fundacións (Ecopilas, Ecofimática, Ecoasimelec e Ecolum), tendo xestionado, desde o ano 2001, máis de 180.000 toneladas de RAEE e, desde 2008, 20.000 toneladas de pilas e baterías usadas, período no que entrou en vigor a obriga legal de recoller e reciclar estes dispositivos. ●

### Repesca-Plas: buscando o valor do lixo mariño en Vigo e Gandía



Repesca-Plas é un proxecto promovido e coordinado polo Instituto Tecnolóxico do Plástico (AIMPLAS) no que se contempla a recollida de lixo mariño, así como a valorización dos materiais que o integran en novos produtos industriais.

Os portos de Gandía e Vigo desempeñarán un papel fundamental nesta iniciativa, que contempla igualmente a formación de pescadores e a recompilación de datos de interese

para o programa oficial de seguimento de lixo mariño do MAPAMA.

#### Dúas fases

Nunha primeira fase, que arrancou este mesmo mes de xaneiro, definíranse e concretáranse os puntos de recollida dos residuos a pé de porto, procedendo á súa caracterización. Con tal fin, trazarase unha folla de ruta en cada localización e formarase a unha decena de pescadores

para que as tarefas encomendadas se leven a cabo con garantías e da mellor forma posible. Durante este período, que durará ao redor de sete meses, espéranse recoller só na contorna do porto de Vigo uns 300 quilos de lixo mariño.

Xa nunha segunda etapa, procederase á caracterización do lixo, identificando e catalogando os distintos tipos de refugallos, a súa natureza, composición e ecotoxicidade. ●

## Eventos

## Aprender a reciclar xogando

Unha das principais conclusións que se desprenden do estudo sobre os hábitos de reciclaxe nos fogares, realizado por Ecovidrio en colaboración co Club de MalasMadres, é que o fogar é un dos principais impulsores dos valores da reciclaxe. Un 60% do milleiro de enquisados considerou que a formación medioambiental dos pequenos é un elemento fundamental na súa educación, estando ao nivel doutras materias tales como o cálculo, a ortografía e/os idiomas. Por outra banda, e dada a alta receptividade dos nenos, o estudo revela que o 80% anima aos seus pais a reciclar na casa.

Neste escenario, cabe destacar o esforzo realizado polo Sistema Integrado de Xestión Ecovidrio para levar o hábito da reciclaxe ás aulas, formando xa a máis de 800.000 escolares, os cales animan aos seus pais a reciclar na casa.

**Mr. Iglú**

O protagonista indiscutible das campañas educativas de Ecovidrio, Mr. Iglú, lidera tamén un conto infantil no que colabora Sogama, facéndose amigo dos personaxes que protagonizan a serie de videocontos medioambientais "Planeta Verde" auspiciados pola entidade pública. ●



## Efemérides ambientais



O **5 de decembro** celebrouse o **Día Mundial do Solo** coa pretensión de chamar a atención sobre a súa delicada saúde e, xa que logo, sobre as súas dificultades para proporcionar bens e servizos.

A crecente presión á que se ven sometidos polo aumento da poboación, a demanda de alimentos e o uso da terra con distintos fins, levou a que, na actualidade, aproximadamente un 33% dos solos do planeta estean degradados. Unha situación que

debe ser revertida coa axuda de todos. Unha tarefa á que Sogama contribúe desde 2010 co seu ambicioso programa de compostaxe doméstica.

Menos dunha semana despois, o **11 de decembro**, no **Día Mundial das Montañas**, a comunidade internacional alertou sobre a súa elevada fragilidade e vulnerabilidade ante fenómenos tales como o cambio climático, a degradación das terras, a sobreexplotación e os desastres naturais. Esta situación de risco fai que a porcentaxe de

migración nas zonas montañosas sexa cada vez maior, toda vez que a súa poboación é vítima da inseguridade alimentaria, o illamento e a pobreza.

A efeméride serviu para demandar unha mellor xestión das montañas como recursos de valor para dar resposta aos seus riscos ambientais, ás súas necesidades económicas e á súa proxección a través da activa cooperación no ámbito político e social, sen esquecer a formación dos seus habitantes. ●

# Receitario

## Chega o Entroido! Mmmm!

Faltan menos de 15 días para celebrar unha das datas máis esperadas no calendario festivo galego, o Entroido!

Neste número compartimos unha receita de filloas que a nós nos gusta moito e que nos dá para facer un bo prato delas, pero se queredes, enviádenos as vosas porque sabemos que tamén son moi populares as de caldo, leite ou sangue,... Escribídenos en [Facebook](#) ou a [Twitter](#)!



## Filloas



Nivel de dificultade:

1

Fácil

2

Medio

3

Avanzado



Cantidades e ingredientes:

Para 12 persoas

- 8 ovos
- 6-7 litros de auga fría
- 750 g - 1 kg de de fariña
- Sal
- Graxa de porco para untar a tixola ou un cacho de touciño



Onde vai que?



Cartón dos ovos



Contedor azul



Preparación:

1. Nun recipiente fondo ou nunha pota, bater os ovos.
2. A continuación, engadir primeiro ½ kg de fariña e ir incorporando máis segundo faga falla.
3. Botar a auga pouco a pouco para facer o amoadado; debe quedar unha crema dunha espesura media, non moi líquida.
4. Salgar ao gusto; se queda insípido, é mellor rectificarse cando se fagan as primeiras filloas.
5. Deixar repousar polo menos 2 horas para abrir a fariña e, se é necesario, rectificarse e engadir máis sempre con coidado de que non queden bolos.



Elaboración:

1. Poñer 2 tixolas a lume medio, ou máis se collen na cociña, para ir facendo varias filloas a un tempo e acabar antes. As filloas están moi ricas, pero hai que recoñecer que facelas leva moito tempo!
2. Untar coa graxa de porco ou co touciño o fondo da tixola. Esta operación débese repetir cada vez que se faga unha filloa.
3. Coller un pouco de amoadado cun cullerón e coa tixola na man (non pode estar moi quente nin se pode deixar arrefriar), botar o amoadado nun recanto e darlle voltas rápidas co movemento da boneca ata cubrir toda a superficie da tixola. É mellor que a capa non quede moi gorda, pero isto xa depende do gusto de cada un.
4. Cando o amoadado calle e se desprendan as beiras da filloa, darlle a volta, deixar cocer polo outro lado e retirar sobre un pano para arrefriar. Despois, pasar a un prato para facer a típica "torre" de filloas.